

Informe sobre o parque eólico Bustelo e Baralláns

Nº Expte: IN408A 2020/061

I. ANTECEDENTES, PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO E EsIA

O presente informe responde á solicitude recibida o 14/09/22 desde o Servizo de Enerxía e Minas sobre o Proxecto de Interese Autonómico e o Estudo de impacto ambiental do parque eólico Bustelo e Baralláns. Dita infraestrutura está promovida por *EDP Renovables S.L.U.* en terreos pertencentes aos concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco. A poligonal do parque abarca unhas 1235 hectáreas.

As coordenadas dos seus vértices, xunto coa dos aeroxeradores e torres meteorolóxica e de comunicacións, son as seguintes:

Vértice	UTM-X	UTM-Y
V01	515 400	4 784 960
V02	517 370	4 783 390
V03	517 370	4 782 550
V04	513 750	4 783 250
V05	513 750	4 781 200
V06	516 150	4 780 400
V07	516 150	4 780 020
V08	514 670	4 779 290
V09	513 170	4 779 290
V10	512 630	4 783 640

Aerox.	UTM-X	UTM-Y	Concello
BB-01	513 492,03	4 780 714,47	Cabana de Bergantiños
BB-02	514 531,33	4 780 648,22	Coristanco
BB-03	514 917,79	4 780 477,07	Coristanco
BB-04	515 890,76	4 780 210,55	Coristanco
BB-05	514 336,86	4 783 520,09	Coristanco
BB-06	515 358,73	4 784 648,61	Coristanco
TM-BB	513 495,00	4 780 359,00	Cabana de Bergantiños
TC-BB	513 042,00	4 783 463,00	Cabana de Bergantiños

Coordenadas UTM ETRS89 Fuso 29

O parque proxectado contará con seis aeroxeradores do tipo Siemens-Gamesa SG 155, de 155 metros de diámetro de voo e unha potencia unitaria de 6 MW. A potencia total instalada é de 36 MW. Contará ademais cunha torre meteorolóxica e outra de comunicacións de 122,5 e 80 metros de altura respectivamente. As máquinas ocuparán de forma permanente unha superficie de 17 075 m² e, de forma temporal durante a instalación, de 4968 m² das plataformas de montaxe, ademais duns 23 705 m² para o de



depósito de materiais e elementos auxiliares en distintas áreas repartidas pola zona de actuación.

Os aeroxeradores estarán conectados coa subestación do parque por medio de dous circuítos subterráneos de 30 kV. A subestación e edificio de control ocupará 5114 m² e a lonxitude total das gabias será duns 12 830 metros. A enerxía xerada no parque evacuarase de forma conxunta coa produción polo PE Alto Torreiro mediante unha liña aérea de 220 kV ata subestación de Meirama, sendo esta obxecto dun expediente independente.

As vías interiores teñen unha lonxitude duns 8607 metros, dos que 4309 son de acondicionamento dos camiños existentes e 4298 de apertura de novas vías.

O proxecto de interese autonómico prevé a clasificación da área delimitada polo parque como solo rústico de protección de infraestruturas, mantendo os usos previstos no solo rústico sen máis limitación que a necesaria para a protección das infraestruturas enerxéticas.

II. ESTADO FORESTAL

O Servizo de Montes solicitou ao Distrito Forestal II información sobre as posibles afeccións ao medio forestal derivadas da execución deste proxecto. Do estudo da documentación aportada se resume o seguinte:

Os terreos que ocuparán os aeroxeradores, as torres e a SET son solos rústicos de protección forestal. Ditas posicións teñen unha clara vocación forestal nas que predominan as masas produtivas de *Eucalyptus* spp., *Pinus* spp. e matogueira.

- BB1: A zona de afección presenta parte zona rasa con piñeiros dispersos e parte con repoblacións de eucalipto.
- BB2: Superficie ocupada por plantacións de eucalipto.
- BB3: Similar a BB2. Presente unha antena anemométrica na zona.
- BB4: Similar ás anteriores, pero con pés dispersos de piñeiro.
- BB5: Similar a BB4
- BB6: Similar a BB2.



O resto da infraestrutura discorre principalmente por terreos con uso forestal semellantes aos xa descritos e, en menor medida, por zonas de uso agrícola.

Todos os elementos do parque ocuparán montes privados de particulares, sen que resulten afectados montes veciñais en man común ni montes públicos demaniais ou patrimoniais.

A infraestrutura non afectará a masas consolidadas de frondosas autóctonas consolidadas, agás a pes illados. Tampouco se verán afectadas infraestruturas forestais, agás as pistas existentes na área delimitada polo proxecto.

Os concellos de Cabana de Bergantiños e Coristanco están clasificados como zona de alto risco de incendio segundo a Orde de 18 de abril de 2007, pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.

III. INFORME

A instalación do parque eólico Bustelo e Baralláns ocupará exclusivamente montes privados de particulares, sen que resulten afectados montes públicos demaniais ou patrimoniais, montes veciñais en man común, nin masas consolidadas de frondosas autóctonas ou infraestruturas forestais relevantes.

Para a determinación das afeccións haberá que ter en conta, ademais das superficies do pleno dominio e das servidumes que operen para cada elemento do parque de acordo coa súa normativa sectorial, as superficies necesarias para o cumprimento das distancias de plantación recollidas no anexo II da Lei 7/2012, de montes de Galicia, en concreto, 2 metros para as especies de frondosas e 6 metros para o resto no caso das vías interiores.

Tamén haberá que ter en conta a delimitación das faixas de xestión de biomasa consonte os artigos 20 e 20 bis da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; é dicir, a xestión da biomasa na superficie afectada de pleno dominio e voo, de acordo co establecido no Plan sectorial eólico de Galicia, ao redor de cada aeroxerador; o estrato arbustivo e subarbustivo dos camiños interiores nos 5 metros dende a súa aresta



exterior; 5 metros dende o último elemento en tensión e dende os paramentos das edificacións non destinadas ás persoas, e 50 metros nas subestacións eléctricas nas que existan edificacións destinadas a albergar oficinas, almacéns ou parque móbil.

En todo caso, durante a realización dos traballos debe evitarse a corta innecesaria do arboredo, respectando dentro do posible os pés illados de frondosas autóctonas e a vexetación de ribeira, polo que se procederá a identificar e sinalizar previamente estas masas co fin de diminuír o risco de danos accidentais pola maquinaria. De ser necesario, se establecerán medidas para o saneamento dos danos causados ao arboredo nos accesos e zonas adxacentes aos traballos, e a restauración da vexetación das zonas ocupadas temporalmente. A xestión da biomasa se realizará por medios mecánicos, rexeitando a súa queima ou o emprego de fitocidas.

Na xestión de cortas de madeira deberase cumprir o establecido no Decreto 73/2020 do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos nos montes ou terreos forestais de xestión privada.

